



## Concello de Cangas

**Expediente núm.:** 2573/2023

**Procedemento:** Selección de Persoal ao abeiro do programa da Deputación Provincial de Pontevedra de fomento de empregabilidade “Primeira experiencia profesional” nos concellos 2023/2024.

**Asunto:** Listaxe definitiva coas puntuacións totais.

### LISTAXE DEFINITIVA COAS PUNTUACIÓNS DA VALORACIÓN DOS MÉRITOS ACHEGADOS POLAS PERSOAS ASPIRANTES.

De acordo co previsto nas Bases aprobadas por Decreto de Alcaldía 2023-1324 de data 30/06/2023, dirixidas á selección e posterior contratación polo Concello de catro persoas inscritas no Servizo Publico de Emprego para cubrir as catro prazas para as que se outorgou financiamento pola Deputación Provincial de Pontevedra e que se corresponden coas solicitadas no Decreto da Alcaldía núm. 2023-0936 de data 28/04/2023, persoal técnico con requisitos de titulación licenciatura ou grao en dereito (3 téc. superiores) e diplomatura ou grao en relacións laborais (1 téc. medio), coa fin de facilitarlles a adquisición da práctica profesional adecuada ao nivel de estudos cursado e mellorar así a súa inserción no mercado laboral, ao abeiro da subvención outorgada por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de data 2 de xuño de 2023 (BOPPO núm. 109 do 07/06/2023), no marco da tramitación do programa da Deputación Provincial de Pontevedra de fomento da empregabilidade “Primeira experiencia profesional” nos concellos 2023/2024, as bases do cal foron aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 31/03/2023 e publicadas no BOPPO núm. 68 do 10/04/2023, o Tribunal de selección acorda:

**PRIMEIRO:** Desestimar a reclamación presentada por Dna. Eva Costa Otero, aspirante á praza de Diplomado/a /Grao en Relacións Laborais, na que solicita que se lle valore un dos cursos achegados coa súa instancia, que non foi puntuado polo tribunal por non figurar no seu correspondente diploma ningún tipo de referencia (nin logotipo nin texto) a que este curso fora organizado por algún dos centros oficiais dependentes da administración ou algunha das outras entidades especificadas no Anexo III, Criterios de selección, das Bases da Deputación Provincial de Pontevedra (BOPPO, núm. 68, do 10 de abril de 2023). Compre destacar que nestes Criterios de selección, que foron os tidos en conta polo tribunal para valorar a documentación achegada por todas as persoas aspirantes, se indica o seguinte:

“e) Por asistir a cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da comunidade autónoma ou da Administración local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai desempeñar (incluídos os organizados por sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua)... “

**SEGUNDO:** Publicar a **listaxe definitiva coas puntuacións** acadadas na valoración dos méritos achegados polas persoas aspirantes remitidas pola Oficina de Emprego de Cangas, tendo en conta os criterios de selección estipulados no anexo III das citadas Bases da Deputación Provincial de Pontevedra e o sistema de cualificación alí establecido, e unha vez resolta a reclamación presentada:

3 PRAZAS COA TITULACIÓN DE LICENCIADO/A / GRAO EN DEREITO							
APELIDOS E NOME	DNI	CRITERIOS DE SELECCIÓN / PUNTUACIÓN					
		a)	b)	c)	d)	e)	TOTAL
Argibay Antepazo, Miguel	***1346**	2,46	---	0,50	---	0,70	3,66
Nogueira González, Pablo Rodrigo	***4154**	2,36	---	---	0,50	0,80	3,66
Pazos Otero, Pablo	***6290**	2,77	---	0,50	---	0,35	3,62
Rotea San Luis, Martín	***8691**	2,68	---	---	---	0,60	3,28
Solla Santos, José Manuel	***9737**	2,24	---	---	---	---	2,24





## Concello de Cangas

- a) Nota media do expediente académico reflectida na documentación presentada, en escala de 0 - 4.
- b) Por acreditar un doutoramento relacionado.
- c) Por acreditar un máster universitario ou título propio da universidade de máster relacionado.
- d) Por acreditar unha titulación académica oficial distinta e relacionada, de nivel igual ou superior
- e) Cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais, así como acreditar o coñecemento de Lingua Galega co nivel CELGA 4 (máximo 2 puntos).

1 PRAZA COA TITULACIÓN DE DIPLOMADO/A /GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS							
APELIDOS E NOME	DNI	CRITERIOS DE SELECCIÓN / PUNTUACIÓN					
		a)	b)	c)	d)	e)	TOTAL
Costa Otero, Eva	***1000**	2,65	---	---	---	0,75	3,40
González González, Brais	***8750**	2,46	---	---	---	0,95	3,41

- a) Nota media do expediente académico reflectida na documentación presentada, en escala de 0 - 4.
- b) Por acreditar un doutoramento relacionado.
- c) Por acreditar un máster universitario ou título propio da universidade de máster relacionado.
- d) Por acreditar unha titulación académica oficial distinta e relacionada, de nivel igual ou superior
- e) Cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais, así como acreditar o coñecemento de Lingua Galega co nivel CELGA 4 (máximo 2 puntos).

O presidente do Tribunal

Asdo.: Fabián Fernández Gómez

## DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

